

MANIFESTO FOLGA 28 DE ABRIL DE 2026

Mestra de Infantil (María Blanco)

Para a Consellería a etapa de Infantil xa está “servida”. Levamos dous anos coa suposta redución de ratios a 20 nenos e nenas por aula e neste tempo téñense dado todas as circunstancias. Desde incumprimentos á alza desta cifra por matrículas extraordinarias, por falta de espazo ou por non facilitar desdobres (total por un ou dous alumnos máis non pasa nada!), até aulas mixtas con 20 matrículas nas que a titora está completamente soa cando se prometera un apoio constante. Alí onde a natalidade aínda resiste seguimos intentando educar a 20 ou 25 crianzas por aula desde os 3 anos, porque a Xunta blindou por lei que o tope siga en 25, e alí onde a cativada camiña cara á extinción incúmprese tamén o acordo de agrupamentos, tanto en número, como na dotación de reforzos como nos prazos. Ata o curso 27/28 non se completarán as ratios nas aulas mixtas.

Na atención á diversidade nos últimos anos vimos que se perderon os apoios de AL e nos enfrontamos a diagnósticos cada vez máis temperás sen que haxa PTs suficientes. A eliminación da convocatoria de prazas de atención preferente, a fin da negociación das vacantes de atención á diversidade nas Xuntas de persoal e o feito de que sexa unha comisión de cargos políticos quen decida que recursos humanos se envían a un centro, ignorando os informes da orientación, dos EOE e mesmo da inspección... está provocando que alí onde empezan os problemas non se poidan atallar. Porque se non se pode traballar cun neno ou nena con dificultades, sexan estas do tipo que sexan, desde infantil, o efecto arrastre será inevitábel no resto de etapas.

Queremos que se nos escoite e que se nos entenda e atenda. Infantil merece máis!

Mestra de Primaria (Marta)

En Primaria a Consellería pretende que sigamos esperando mentres nos desesperamos. A baixada de ratios non se completará ata o curso 2032/33 polo que moitas compañeiras se xubilarán antes de ver ningunha mellora neste sentido. O profesorado está canso de promesas incumpridas e de falsas expectativas. Cando se mencionou no acordo o cómputo dobre ou triplo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo todo o mundo pensou que se aplicarían en todas as etapas. E o problema non é só que foi un engano. É ver como se vende inclusión cando o que se fixo é recortar PTs e ALs e incrementar as orientacións compartidas. Cantas ANPAs e colexios seguen a día de hoxe aínda clamando polos recursos que precisan ou que lles quitaron?

Sobre o horario quedamos poucas persoas que lembremos o que foi a redución a 21 horas e a dotación con máis de 1000 mestres e mestras en dous cursos nas escolas galegas. A redución do horario *per se* non pode facerse sen incrementar o persoal, como acaba de pasar coas 23 horas, porque nos limita gravemente para poder atender o alumnado, nin sequera para facer gardas, e nos impide continuar cos proxectos pedagóxicos emprendidos nos centros. Por iso, queremos recuperar as 21 horas pero coa dotación de persoal necesaria! Sen Proas, Megas, Arcos... e os inventos precarios que a Consellaría financia con fondos europeos que viñan destinados para a atención á diversidade.

Ademais, os equipos directivos, están cansos de facer máis con menos; de trámites, xestións e esixencias sen retorno, de asumir responsabilidades e dar a cara fronte ás familias sen o amparo da administración, de mendigar o que debería ser básico para os centros. Hai cartos para moitas cousas que non se piden e non os hai para o importante. Abonda xa! O profesorado ten que ser escoitado!

Profe de Secundaria (Isora Pérez)

En Secundaria e Bacharelato nada, o baleiro. Desde o ano 2012 mudáronse as nosas condicións laborais de xeito drástico sen que a Consellería tivera a máis mínima consideración coa situación que se vive nos institutos galegos. Van 13 anos de recortes nos que a administración xoga ao esquecemento, a mirar para outro lado e a espremer a nosa vocación até que chegan as baixas laborais, a xubilación anticipada ou mesmo o abandono da profesión. Ratios por docente de máis de 200 estudantes como media, aulas que superan os 30 alumnos e alumnas cunha variedade de diagnósticos, trastornos, vulnerabilidades, orixes e personalidades que nos dá a diversidade social máis ampla que hai hoxe en día en calquera contexto de traballo.

O profesorado está ofendido e moi tocado. O que máis doe é a incompreensión da administración e ter que escoitar dos cargos da Consellería que somos “clase ociosa” ou que “traballamos pouco”. O que máis doe é a imaxe trasladada a nivel social de que temos moitos privilexios, que queremos traballar menos e que non temos criterio nin para ensinar nin para avaliar, senón que nos hai que controlar e vixiar, cando non directamente censurar ou emendar nas avaliacións.

Os cambios foron tan fondos nos últimos anos que nin sequera esta é a profesión soñada para quen acaba de empezar no sistema e pódese comprobar co moito profesorado en prácticas ou que acaba de aprobar as oposicións que está hoxe aquí e que estivo nas folgas anteriores.

A Consellería a nós non nos engana e cada vez menos ao resto da comunidade educativa. Úsanos como reféns políticos do seu enfrontamento co goberno de Madrid anunciando que haberá unha rebaixa horaria a partir de setembro. Só quere gañar tempo para saber ata onde chega o proxecto de lei do ministerio nas cortes do Estado e segundo iso decidir se adiantarse ou deixar que morra o conto.

Pero a nosa mensaxe hoxe aquí é alta e clara: queremos volver ás 18 horas que sempre tivemos sen excepcións e queremos baixada de ratios en secundaria e en bacharelato xa, sen demoras. Ratios e horarios son competencia da Xunta, exérganos, déixennos traballar e deixen de utilizarnos só para os seus fins políticos.

Sen docentes non hai ensino público, nin igualdade nin sociedade!

Orientadora (Martina Martínez)

As orientadoras somos invisibles para a Consellería malia que se nos obriga a ser omnipresentes nos centros. Afógannos con burocracia infinita, enviando unha e outra vez informes para avalar a solicitudes de recursos que nunca teñen resposta. Orienta, valora, acompaña, intermedia, asesora, fai pedagogía... Pero cando? Nin sequera está establecido que é unha "hora lectiva" en orientación, e dependendo das direccións dos centros, tarefas centrais como o asesoramento ás titorías conta como hora lectiva, complementaria ou directamente vai fóra de horario. O noso traballo é factor humano 100% pero vivimos afogadas en papeis e en protocolos.

As orientadoras loitamos para que se cumpran as recomendacións da Unesco de máximo unha por cada 250 estudantes. A día de hoxe hai centros con máis de 1000 e unha soa persoa á fronte de casuísticas que nos desbordan, coa saúde mental do alumnado e a nosa ao límite, con múltiples ensinanzas variadas no mesmo centro ou diferentes niveis educativos. Queren que sexamos todo: enfermeiras, terapeutas, psicólogas, animadoras socioculturais, educadoras, asesoras, administrativas... Pero non podemos. Así non podemos. Se a atención á diversidade ten que ser unha prioridade hai que empezar por contar con máis orientadoras en cada centro, sen compartir, sen itinerar e cumprindo as ratios recomendadas internacionalmente. E é hora dunha Rede galega de Orientación educativa que dea soporte aos centros e ao alumnado máis vulnerábel por áreas. Nós non renunciamos a seguir loitando!

Profesora de FP (Xuxi)

Privatización e propaganda. Así podería resumirse a política educativa da Consellería nos últimos anos na Formación Profesional. Millóns de euros de fondos Next Generation que non serviron para ampliar a oferta pública por todo o territorio galego para ofrecerlle igualdade de oportunidades a todo o alumnado, viva onde viva. Tampouco para mellorar as condicións de traballo dun profesorado cada vez máis afogado na xestión e con menor peso na docencia, e que é, xunto coa calidade da formación que recibe o alumnado, o máis prexudicado polos recentes cambios normativos. O Decreto que vén de aprobar a Xunta para desenvolver a Lei Orgánica de FP incide no peor desta normativa e deixa de lado o pouco positivo que tiña. Menos tempo de formación no centro, máis módulos por docente, máis horas de formación na empresa con programacións totalmente ficticias, máis aposta pola dual intensiva e polas formacións aceleradas, máis formación a distancia, máis labor de comerciais, máis acreditación de competencias e máis buscarse a vida con proxectos para obter financiamento. Onde queda o noso papel como docentes? Se hai algo unánime é que a partir deste ano o alumnado sairá peor formado dos ciclos formativos. Tanto esforzo en prestixiar a Formación Profesional para agora deixala caer.

O profesorado de FP quere recuperar o seu horario e poñer fin á discriminación que se vive nos CIFPs con sesións de 60 minutos e máis horas semanais de clase, quere que se poidan facer desdobres e contar con máis recursos para atender á diversidade, quere ratios razoables, non como os 20 na FP básica e os 50 na distancia, quere eliminar Educaldade e que os centros integrados funcionen democraticamente e quere prestixio e recoñecemento, ese que agora a Xunta lle nega e que quere buscar nas figuras do profesorado asociado, expertos do sector produtivo e sénior de empresa.

Non queremos que se privatice a docencia na FP. Queremos condicións laborais dignas que fagan atractiva esta profesión fronte ao sector privado e queremos salarios acordes á nosa responsabilidade social. Unha revalorización para todo o profesorado, que permita facer fronte ao encarecemento da vida e por suposto que non haxa discriminación entre corpos docentes. A igual traballo, igual salario, e aínda que o corpo único docente non depende da Xunta a equiparación salarial do seu profesorado si. Seguiremos loitando por unha formación profesional pública e de calidade!

Profesora de ensinanzas artísticas (Andrés Etxeita)

As ensinanzas de réxime especial son as grandes esquecidas da política educativa das administracións. Mesturadas nun caixón de xastre, as ensinanzas de idiomas, deportivas e artísticas quedan fóra de recursos tan importantes como contar con persoal de orientación, o profesorado ten que encargarse de coordinacións que non se recoñecen nin se remuneran, non hai tempo para a investigación, fundamental no eido artístico, e falta persoal non docente para todo o traballo de xestión. Desde ensinanzas de idiomas, ciclos formativos a ensinanzas superiores de grao. A amalgama de titulacións que se poden cursar nestes centros é moi diversa pero a Consellería trátanos como minoritarias e secundarias, deixando moitos ámbitos sen regulamentación e polo tanto nun limbo legal.

As ensinanzas de réxime especial queremos recuperar o noso horario, e rematar coa problemática da duración de 60 minutos das sesións, queremos reducir ratios naquelas disciplinas que así o precisan e unha redución da carga de traballo burocrática para poder investigar e realizar proxectos, sobre todo no ámbito artístico que enriquecen as nosas escolas e a experiencia pedagóxica co noso alumnado. As probas de acceso ou de certificación de nivel son tamén un traballo extra que temos nas escolas de idiomas, nas ensinanzas deportivas e nas escolas de artes e que non vemos recoñecido de ningún xeito e nin sequera se consensúa o seu calendario de realización. Nutrinos o tecido cultural e deportivo da nosa sociedade, democratizamos a aprendizaxe de idiomas... pero é necesaria unha oferta máis ampla e máis espallada polo territorio. Queremos recuperar e avanzar en dereitos, merecemos respecto e exiximos recoñecemento do valor social destas ensinanzas desde a súa diversidade. Nós tamén contamos!

Docente substituta (Victoria Rey)

Cando se fala da profesión docente hai moitas variables que non se teñen en conta. O persoal substituto non recibimos o mesmo recoñecemento polo mesmo traballo e padecemos, e máis hoxe en día, todas aquelas que teñen que ver coa precariedade. Incerteza laboral, temporalidade, escoller entre traballar e conciliar, botar contas para chegar a fin de mes, buscar aloxamento con prezos imposibles, facer kilómetros arriscando a vida na estrada e plantexarte unha e outra vez se tanto esforzo merece a pena. Quen estamos pendentes do teléfono os martes e venres, agora co agravante de que mudou a publicación das vacantes ao aplicar un filtro a Consellería sobre as peticións dos centros, sabemos o que é ter a toda a familia nun fío. Mentres non tes cargas familiares podes permitirte percorrer Galicia pero cando non é así a túa decisión condiciona a vida de quen te rodea. A primeira substitución ou chamamento soe ser un motivo de tremenda alegría e case todos e todas a lembramos así. Pero cando nun mesmo curso levas 8 centros distintos ou tres contratos para a mesma substitución (con altas e baixas nas vacacións), cando pasan anos sen que convocaran oposicións ou eran moi poucas prazas e estudar e traballar se fai costa arriba empezamos a pensar se de verdade daremos feito esta carreira de fondo. As nosas condicións son tamén moito peores que hai uns anos. Agora abundan as medias xornadas (cos peores horarios), con salarios que apenas dan para alugueiro e comida nunha cidade e coas dificultades que supón despois para cobrar o paro, a eliminación do cobro do verán para quen traballara ata todo o curso está provocando que non haxa persoas dispostas a coller unha substitución en determinadas especialidades, a imposibilidade de escoller libremente as zonas nas que traballar é outra traba máis que non se entende que poña a administración... por que e para que?

Acadar praza fixa é unha carreira de obstáculos e, aínda que o sistema de oposicións non é competencia completa da Consellería, si o é coidar o seu persoal interino e substituto, devolverlle dereitos, dignificar o seu traballo e escoitar as súas reivindicacións. Cada dous tres anos modifícase un texto que regula as nosas condicións laborais e unha e outra vez se desoan as nosas peticións, a maioría delas sen custo para a administración pero que si suporían unha mellora importante para nós. Malia a nosa precariedade somos moitos e moitas os que hoxe facemos folga porque estamos loitando por estabilidade e condicións dignas, o mesmo ao que aspira calquera traballador ou traballadora.

A administración ten que coidar o seu persoal temporal! Tamén polo ben do ensino público! E hoxe estamos aquí para lembrarllo ben forte tamén como colectivo!